

O DÍA 29 TODOS Á FOLGA XERAL

O **Comité Nacional da USTG** acordou chamar a tódolos ariados e afiliadas e a tódolos traballadores e traballadoras a secundar a Folga Xeral convocada polos Sindicatos oficiais para o día 29 de setembro.

Facemos este chamamento conscientes de que, aínda que resulte un éxito de participación e mobilización social, non servirá para cambiar unha Reforma Laboral que, decretada polo Goberno, foi xa sancionada polo Parlamento, pois só podería ser modificada por outro goberno e outro parlamento, o que non está nos obxectivos desta folga.

APOIO CRÍTICO

Noutras palabras: non convocar a Folga Xeral cando aínda era tempo, devén nunha Folga sen obxectivos reais mais aló da simple xustificación para a galería. Se a folga non se fai para cambiar o Goberno e o Parlamento que impuxeron a Reforma, cal é pois o obxectivo? E que farán cando reformen tamén as Pensións?

O noso apoio é pois, crítico cos sindicatos oficiais convocantes que estiveron mareando a perdiz coa patronal durante ano e medio e en lugar de utilizar a mobilización social entón, agardaron a que o goberno decretara e o parlamento sancionara unha Reforma que supón unha das mais graves agresións aos dereitos básicos dos traballadores e das traballadoras, o que fai imprescindible o noso apoio a esta convocatoria aínda que nada mais sexa para amosar a nosa repulsa e desacordo e para forzar aos sindicatos oficiais a que no futuro reaccionen para impedir que se nos imponha o que xa se ven anunciando.

PORQUE HAI QUE FACER ESTA FOLGA

Porque coa Reforma Laboral sancionada po lo Parlamento os empresarios xa non terán que "maquillar" súas contas para atopar xustificacións económicas para os despedimentos obxectivos. Gañar menos do previsto, ou dicir que suprimindo emprego no terán "perdas no futuro", vai ser dabondo para poder despedir a traballadores e manter deste xeito o cadro de persoal que queiran en cada intre sen dar explicacións a ningún.

Porque coa quasi-liberalización das causas do despedimento obxectivo, poderanse despedir ós traballadores con 20 días por ano cun tope de 12 mensualidades. Ábrese tanto o abano das causas, que os despedimentos improcedentes van ser os menos. Amais,

para axilizarlos trámites, redúcese o prazo de comunicación do despido de 30 a 15 días.

Porque a aplicación desta Reforma traerá como consecuencia a substitución do cada vez máis escaso emprego de calidade por emprego precario e pon nas mans dos empresarios a mellor fórmula de flexibilidade que poderían ter: despedir sen xustificación, coa soa escusa da "prevención", de xeito barato e subvencionado.

Por todo elo é polo que o Comité Nacional da USTG, decidiu apoiar a Folga do 29 de setembro, para dicir que non estamos de acordo con esta imposición e que non estaremos dispostos a que se nos sigan impondo medidas que derruben os poucos logros que constitúen o noso Estado de Benestar, xa de por si inferiores aos dos países da Europa dos 15.

O QUE SE NOS VEN ENRIBA

Pois o que temos que comezar a combater desde esta Folga xeral son as intencións anunciadas de quebrar o Acordo Social que supuxo o Pacto de Toledo, con propostas relativas ó retraso de la idade de xubilación e a redución da contía das pensións, pondo en cuestión un pilar básico do noso Estado Social como é a solidariedade interxeracional.

O obxectivo non é outro que obrigar aos traballadores e traballadoras a aforrar para un fondo privado de pensións, é dicir, liquidar o chamado Estado do Benestar en beneficio das institucións financeiras. O resultado desa deriva xa se puido ver con esta crise, na que os titulares de Fondos de Pensións privados viron reducidas súas reservas ata a menos dun tercio do valor inicial. E este non será, no futuro, un problema de ricos, senón o problema da inmensa maioría dos traballadores e traballadoras.

HAI QUE REACCIONAR DESDE XA

Temos pois que defender desde xa as pensións e por iso reclamamos dos sindicatos oficiais unha recuperación da mobilización sindical para impedir que o que hoxe se anuncia mañá se nos imponha. Non rexeitamos a negociación pero non renunciamos á mobilización: o binomio presión-negociación ten que volver a ser substancial pois é o "abc" do sindicalismo. Nada se nos deu gratis, sen loita e sen esforzo xamais os traballadores conseguimos avanzar nos nosos dereitos.

PORQUE NON ESTAMOS DE ACORDO COA REFORMA E PORQUE SE AGORA CALAMOS, XA NON HABERÁ QUEN OS PARE...

O DÍA 29, FOLGA XERAL